



ANUNCIO.-CONCOVATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A CONTRATACIÓN DE ORQUESTRAS NAS FESTAS PATRONAIS NO CONCELLO DE ARANGA: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN.

Pola alcaldía do concello de Aranga, ditouse a seguinte resolución , con data 02/12/2022, ditouse a seguinte Resolución:

“ANTECEDENTES:

A Presidencia da Deputación Provincial de A Coruña mediante resolución do 30/05/2022 aprobou as bases reguladoras do Programa PEL-CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas incluído na liña 1.3 do Plan de Emprego Local para o 2022, outorgando unha subvención a este concello polo importe de 3.000,00 €.

A Xunta de Goberno local de Aranga, con data 09/08/2022, aprobou as bases e convocatoria de subvencións as asociacións e comisións de festas de Aranga para a contratación de orquestras con cargo á subvención outorgada pola Deputación Provincial ao amparo do programa PEL-CONCELLOS da liña 1.3 do Plan de Emprego Local 2022.

Publicadas as bases no Boletín Oficial da Provincia do 12/08/2022 e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica de Aranga, durante o prazo outorgado ao efecto, presentouse unha única solicitude pola Comisión de Festas de Cambás.

Examinada a documentación presentada , se requiriu a subsanación da documentación presentada coa solicitude , que foi aportada pola Comisión de Festas con data 01/12/2022 e polo tanto dentro do prazo dos dez días hábiles dende a notificación do requirimento outorgados ao efecto.

Examinada a documentación presentada e comprobado o cumprimento dos requisitos para ser beneficiarios da subvención.

Tendo en conta que se solicitou unha única axuda ao amparo desta convocatoria de subvencións e logo de ver a base décimo segunda das que rixen a convocatoria, que establece : “ *cando as solicitudes presentadas sexan menos de dez: aquelas asociacións ou comisións de festas que reúnan os requisitos de solicitude recollidos nas bases reguladoras desta axuda terán dereito á cantidade resultante de repartir equitativamente a cantidade de 3.000,00 €*”.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Conceder á Comisión de Festas de Cambás unha axuda polo importe de 3.000,00 € con destino a financiar a contratación da orquestra Acordes e a súa actuación na Festa da Angustia celebrada o día 17/09/2022, tendo en conta que se presentou unha única solicitude de subvención ao amparo da convocatoria municipal de subvencións as asociacións e comisións de festas de Aranga para a contratación de orquestras con cargo á subvención outorgada pola Deputación Provincial ao amparo do programa PEL-CONCELLOS da liña 1.3 do Plan de Emprego Local 2022.

Segundo: A comisión de festas deberá achegar a documentación requerida na base décimo terceira das que rixen a convocatoria antes do día 31 de marzo de 2023 , e terá en conta o establecido na base sétima respecto da cuantía e gastos subvencionables.

Terceiro: Do contido desta resolución daráse conta ao pleno municipal na próxima sesión ordinaria que celebre e publicaráse na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica de Aranga.

En Aranga, venres 2 de decembro de 2022.O Alcalde/Presidente .”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Aranga, 2 de decembro de 2022

O alcalde

Asdo.Alberto Platas Álvarez